



NOTA INFORMATIVA SOBRE A PRESENTACIÓN DE OFERTAS PARA A ADXUDICACIÓN DIRECTA, EN RÉXIME DE ALUGUEIRO OU COMPRAVENDA, DOS LOCAIS COMERCIAIS E DAS PRAZAS DE GARAXE QUE QUEDARON DESERTAS NA POXA CONFORME A RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, DE DATA 21 DE FEBREIRO DE 2025 (DOG NÚM. 53, DE 18 DE MARZO DE 2025)

As persoas interesadas en que se lle adxudique directamente, en réxime de compravenda ou alugueiro, algún dos locais comerciais e das prazas de garaxe propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS) que quedaron desertas na poxa conforme a resolución do seu director xeral, de data 21 de febreiro de 2025, deberán presentar polo Rexistro xeral da Xunta de Galicia ou en calquera dos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e dirixirse ao Instituto Galego da Vivenda e Solo a seguinte documentación:

1. Escrito dirixido ao IGVS no que a/as persoa/s interesada/s poña/n de manifesto o seu interese na adquisición, ben sexa en réxime de propiedade ou arrendamento, dun ou varios dos locais comerciais ou prazas de garaxe, propiedade do IGVS, e que figuran no ANEXO da resolución do director xeral publicada no DOG núm. 53, de 18 de marzo de 2025. Deberá/n identificar correctamente o/os inmovible/s de interese, así como o réxime de adxudicación (alugueiro ou propiedade) e presentar a proposición económica de acordo co ANEXO I que figura na presente nota informativa. O/os solicitante/s poderán relacionar un número superior de inmoables dos que desexa adquirir, establecendo a súa orde de preferencia, para deste xeito incrementar as posibilidades de adquirir o número de inmovible/s solicitado/s.

Sería válida a presentación da solicitude a través do modelo PR004A, que se atopa dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou en rexistro público habilitado a tal efecto, sempre que nela se recollan os datos mencionados no parágrafo anterior e o ANEXO I.

2. Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI), do número de identidade de estranxeiro (NIE) ou do número de identificación fiscal (NIF), no seu caso.

3. No caso de que a/s persoa/s interesa/s sexa/n persoa/s xurídica/s ou carezan de personalidade xurídica, deberán achegar calquera documento que permita acreditar que a persoa/s que presente/n a solicitude están lexitimadas para poder actuar en nome e representación da persoa xurídica / sen personalidade xurídica para este negocio xurídico.

4. Declaración xurada de non incorrer nas prohibicións para contratar sinaladas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que

se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/EU, do 26 de febreiro de 2014. Nesta nota informativa incorpórase como ANEXO II un modelo de declaración responsable de referencia.

5. Certificación de estar ao corrente nas obrigas tributarias expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

6. Certificación de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma galega.

7. No seu caso, certificado de estar ao corrente no pago das obrigas coa Seguridade Social.

O prazo para a presentación de solicitudes, de acordo co disposto no artigo 30.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas comezará ao día seguinte da publicación no DOG da resolución pola que se declara deserta a poxa respecto dos locais de negocio e prazas de garaxe do IGVS ofertados en procedemento de adxudicación, mediante poxa, en réxime de compravenda ou alugueiro e que non obtiveron ofertas, e se abre o procedemento para a súa adxudicación directa. En consecuencia o prazo para a presentación de solicitudes comezará o día **19 de marzo de 2025 ás 00:00 horas e finalizará o 18 de marzo de 2026 ás 24:00 horas.**

De acordo co artigo 65.2 do Decreto 253/2007, de 13 de novembro, do réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS, o prazo durante os cales poderán ser adxudicados directamente os inmobles con suxeición aos prezos e condicións da poxa pública será dun ano, a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución pola que se declara deserta a poxa respecto dos locais de negocio e prazas de garaxe propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo ofertados en procedemento de adxudicación, mediante poxa, en réxime de compravenda ou alugueiro e que non obtiveron ofertas, e se abre o procedemento para a súa adxudicación directa (DOG núm. 53, de 18 de marzo de 2025).

O procedemento de adxudicación será directo. Isto supón que os inmobles adxudicaranse tendo en conta a orde de entrada das solicitudes xunto coa documentación á que se fai mención nesta nota informativa por rexistro. No caso de que algún dos interesados non achegase toda a documentación, dende o IGVS requiriráselle para que no prazo de 10 días achegue toda a documentación advertíndoo que de non facelo entenderase desistido da súa petición. En todo caso, entenderase que a solicitude tivo entrada no rexistro unha vez achegada a solicitude xunto coa totalidade da documentación á que se fai mención nesta nota informativa. No caso de que varias solicitudes foran presentadas simultaneamente, os inmobles adxudicáranse aos licitadores que presenten a oferta económica máis vantaxosa.

ANEXO I.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D/Dna., maior de idade, con domicilio en e DNI núm., no seu propio nome/en nome e en representación de
, declaro coñecer as condicións previstas na resolución do director xeral do IGVS, de 21 de febreiro, polo que se declara deserta a poxa dos locais de negocio e prazas de garaxe do IGVS ofertados en procedemento de adxudicación mediante poxa, en réxime de compravenda ou alugueiro e que non obtiveron ofertas, e se abre o procedemento para a súa adxudicación directa e, acéptoa integramente, tendo interese en que me sexan adxudicados un total de inmovble/s (o total de inmovbles deberá especificarse en número e en letra).

Relación de inmovbles por orde de preferencia:

Expediente	Localidade	Enderezo
Réxime (compra/alugueiro)	Oferta (Sen IVE) Cantidade en número	Oferta (Sen IVE) Cantidade en letra

Expediente	Localidade	Enderezo
Réxime (compra/alugueiro)	Oferta (Sen IVE) Cantidade en número	Oferta (Sen IVE) Cantidade en letra



Expediente	Localidade	Enderezo
Réxime (compra/alugueiro)	Oferta (Sen IVE) Cantidad en número	Oferta (Sen IVE) Cantidad en letra

Expediente	Localidade	Enderezo
Réxime (compra/alugueiro)	Oferta (Sen IVE) Cantidad en número	Oferta (Sen IVE) Cantidad en letra

Expediente	Localidade	Enderezo
Réxime (compra/alugueiro)	Oferta (Sen IVE) Cantidad en número	Oferta (Sen IVE) Cantidad en letra

Expediente	Localidade	Enderezo
Réxime (compra/alugueiro)	Oferta (Sen IVE) Cantidad en número	Oferta (Sen IVE) Cantidad en letra

Expediente	Localidade	Enderezo
Réxime (compra/alugueiro)	Oferta (Sen IVE) Cantidad en número	Oferta (Sen IVE) Cantidad en letra

....., de de



ANEXO II.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

Número de expediente:

DATOS DO DECLARANTE

Nome:

Apelidos:

NIF:

Adxudicatario dalgún inmovible propiedade do IGVS: SI / NON ⁽¹⁾

Teléfono:

Correo electrónico:

Dirección a efectos de práctica de notificacións:

(en caso de actuar en representación)

Entidade mercantil á que representa:

NIF:

Cargo:

Declara contar cos requisitos de capacidade de obrar e personalidade e, no seu caso, de representación, necesarios para poder participar no procedemento, así como non estar incurso o ofertante en ningún dos supostos de prohibición para contratar previstos no artigo 71 da LCSP.

....., de de

O ofertante,

Sinatura

(1) Deberá rodearse a opción correspondente en función de que si se ten ou non a condición de adxudicatario de calquera inmovible propiedade do IGVS no momento de presentar a proposición